# CONCELLO
# O PEREIRO DE AGUIAR

**Expediente núm.:** 186/2020
**Procedemento:** Subvención solicitada a outra Administración
**Interesado / a:** Xunta de Galicia
**Asunto:** Subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2020
**Obra/servizo subvencionado:** Servizo de vixilancia e seguridade (Socorristas)

## ACTA DEFINITIVA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR: EXPEDIENTE DE SELECCIÓN SUBVENCIÓN FOMENTO 2020 (SOCORRISTAS)

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, en A Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 12:05 horas do día 25 de xuño de 2020, reúnese o Tribunal Cualificador que xulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión **de dúas (2) prazas de socorristas (persoal laboral temporal),** do proceso de selección de persoas desempregadas para a obra/ servizo "Servizo de vixilancia e seguridade" (socorristas para as piscinas municipais de Veiga de Abaixo), ao abeiro do disposto no artigo 14 da ORDE do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 (DOG núm. 18 martes do 28 de xaneiro de 2020). Expte. Nº: TR351A 2020 / 21 – 3.

O Tribunal Cualificador queda constituído na seguinte forma:

| | |
|---|---|
| Presidente : | Luisa María López Pérez, arquitecta municipal do Concello do Pereiro de Aguiar. |
| Secretario/a : | María José Laso Dopazo, administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar. |
| Vogais: | José Antonio González Gallego, encargado de Obras e Servizos Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar. |
| | María del Pilar Conde Lorenzo, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar. |
| | José Antonio Rodríguez Barros, operario de Servizos Varios Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar. |

Decídese por unanimidade tratar o seguinte asunto: iniciar o proceso de selección necesario para a contratación de persoas desempregadas para a obra/ servizo "Servizo de vixilancia e seguridade" (socorristas para as piscinas municipais de Veiga de Abaixo).

Unha vez analizados e debatidos os documentos de xeito oportuno, tomáronse por unanimidade os seguintes ACORDOS:

1. Proceder ao chamamento das persoas candidatas convocadas pola oficina de emprego de xestión das ofertas de emprego (Ourense – A Ponte) para hoxe día 25.06.2020 ás 12:00 horas (oferta de emprego número 12-2020-4561), para realizar a entrevista e determinar a súa adecuación ao posto de traballo na ocupación "socorrista", aplicando os criterios previstos na ORDE do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa

convocatoria para o exercicio do ano 2020 (DOG núm. 18 martes do 28 de xaneiro de 2020), no relativo aos perfís das persoas.

2. O Tribunal Cualificador dispuxo da información e da colaboración necesaria por parte do Concello para realizar a selección das persoas desempregadas para a obra/ servizo "Servizo de vixilancia e seguridade" (socorristas para as piscinas municipais de Veiga de Abaixo).

3. As actuacións do Tribunal Cualificador teñen como obxectivo seleccionar as persoas máis axeitadas para os postos de traballo ofertados polo Concello.
O proceso realizouse a través dun exame que consistiu en contestar a un máximo de 20 preguntas tipo test con respostas alternativas, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario publicado no taboleiro de anuncios do Concello do Pereiro de Aguiar e na páxina web (www.concellopereiro.com), xunto coas correspondentes bases de selección en data 18.06.2020.

4. No caso de que exista empate entre dous o máis aspirantes na puntuación de oposición, escollerase aquel/es que leven máis tempo en situación de desemprego. Se despois do anterior persiste o empate escollerase entre aqueles que teñan máis cargas familiares. De persistir o empate nos dous casos anteriores escollerase entre aquel ou aqueles que teñan maior grado de discapacidade.

5. Comparecen os/as seguintes aspirantes:

| | APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|---|
| 1 | Díaz Atanes, Antonio José | [redacted]6691[redacted] |
| 2 | Fernández Pérez, Carla | [redacted]3174[redacted] |
| 3 | Gómez Fernández, Saúl | [redacted]6314[redacted] |
| 4 | Outomuro Vázquez, Jonathan | [redacted]9137[redacted] |

6. Finalizado o exame, e debidamente cualificado, o Tribunal Cualificador procede a establecer a seguinte puntuación:

| | APELIDOS E NOME | DNI | PUNTUACIÓN EXAME |
|---|---|---|---|
| 1 | Díaz Atanes, Antonio José | [redacted]6691[redacted] | 0,00 |
| 2 | Fernández Pérez, Carla | [redacted]3174[redacted] | 5,00 |
| 3 | Gómez Fernández, Saúl | [redacted]6314[redacted] | 7,50 |
| 4 | Outomuro Vázquez, Jonathan | [redacted]9137[redacted] | 0,00 |

**Concello do Pereiro de Aguiar**
Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

7. Concluída a selección de persoal coas seguintes propostas de contratación (oferta de emprego número 12-2020-4561):

| | |
|---|---|
| Fernández Pérez, Carla | Contratación do candidato/a |
| Gómez Fernández, Saúl | Contratación do candidato/a |

- Quenda de reserva por orde de puntuación:
    1. Díaz Atanes, Antonio José
    2. Outomuro Vázquez, Jonathan

- Aspirantes que non compareceron:

| | |
|---|---|
| Arias Gómez, Moraima | Non se presentou |
| Portela Pérez, Martín | Non se presentou |
| Quintana porral, Laura | Non se presentou |

8. Para dar cumprimento ao principio de publicidade, esta Acta será exposta no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.concellopereiro.com).

Non tendo outro asunto para tratar dáse por concluído o acto sendo as 12:30 horas do día da data, asinando os seus membros en conformidade.

O/a presidente/a,

Luisa María López Pérez

O/a secretario/a,

María José Laso Dopazo

Os vogais,

José Antonio González Gallego

María del Pilar Conde Lorenzo

José Antonio Rodríguez Barros